

XIV TRAVESÍA A NADO CONCELLO DE BUEU UDRA-PESCADOIRA (POLA REXENERACIÓN DA PRAIA DE PESCADOIRA) 2025

PRESENTACIÓN.

O Clube Atletismo Corredoiras e o concello de Bueu, organizan o sábado 12 de Xullo a **XIV Travesía a Nado Concello de Bueu Udra-Pescadoira (pola rexeneración da praia de Pescadoira)**

Esta proba de carácter popular e non se precisa posuír licenza federativa.

CARACTERÍSTICAS DA COMPETICIÓN.

A) CATEGORÍAS

CATEGORÍAS
XERAL MASCULINA EN TODÓLOS PERCORRIDOS
XERAL FEMININA EN TODÓLOS PERCORRIDOS

B) PERCORRIDO:

Se realizarán varias saídas para todas as categorías.

O percorrido máximo dende a praia de Ancoradouro a Pescadoira terá unha lonxitude de aprox. de 7500 metros, tanto para nadadores federados como non federados.

Dito percorrido estará balizado, con balizas amarelas (unha cada 300mts aprox) os nadadores deixaran as balizas a súa dereita; ditos nadadores, irán acompañados en todo momento por kayaks e as embarcacións motorizadas de apoio.

C) SAÍDAS E CHEGADA

As saídas terán lugar , dende as seguintes praias dependendo do percorrido elixido polo [nadar@r](#):

➤ **Da praia de Acoradouro:**

Ás 10:30 horas o 1ª grupo (GRUPO LENTO)

10:40 o 2º grupo (GRUPO RÁPIDO).(Percorrido 7500 mts)

➤ **Da praia de Mourisca**

saída as 11:45 aprox. (cando apareza o primeiro nadador da saída de Acoradouro. (Percorrido de 4000 mts)

➤ **Da Praia de Beluso** saída as 12:30 aprox.(Percorrido 1500 mts) Chegada/meta será na Praia de Pescadoira.

2) NORMATIVA PARA A TRAVESÍA.

- ✓ Os/as nadadores/as deberán estar na zona de saída 10 minutos antes do comezo da travesía.
- ✓ Será motivo de descualificación calquera infracción grave ou comportamento antideportivo que estime a Organización.
- ✓ Disporase de servizo de duchas.
- ✓ A organización non se fará responsable dos obxectos de valor extraviados polos nadadores.
- ✓ Quedará descualificado/a desta proba todo o que non cumplan o presente regulamento, non complete a totalidade do recorrido, deteriore ou ensucie o entorno, non leve o seu dorsal ben visible ou desatenda as indicacións da organización.
- ✓ A organización resérvase o dereito a realizar as modificacións que considere necesarias en función dos diferentes condicionantes, así como a suspensión da

proba se as condicións meteorolóxicas o obrigan ou por forza maior.

- ✓ As únicas embarcacións autorizadas a seguir a proba serán os designados pola organización.
- ✓ A organización declina toda responsabilidade en caso da perda de obxectos de cada participante.
- ✓ Todo participante, polo feito de inscribirse acepta as condicións e regulamentacións impostas pola organización, polo que libera expresamente á organización ou a calquera outro patrocinador ou colaborador, ante todo tipo de accidente, lesión ou eventualidade que puidera xurdir derivada da súa participación na proba, e que non estivese cuberta polo seguro contratado.
- ✓ A aceptación do regulamento supón, tamén, o compromiso e o respecto o medio ambiente, a fauna e a flora, antes, durante e despois da proba.
- ✓ A proba estará controlada polo servizo de protección civil de Bueu, os kaiaks e as lanchas motorizadas.
- ✓ A efectos de identificación, cada participante recibirá da organización un gorro numerado, polo que será necesario acreditar a personalidade con algún documento oficial. Este gorro deberá colocarse antes de comezar a travesía e non poderá retirarse ata finalizada a mesma.
- ✓ Queda prohibida calquera tipo de axudas externas como aletas, flotadores e similares.
- ✓ Remate da proba: Considerarase rematada a proba as 3h 15 minutos despois da primeira saída de Acoradouro. Aquel nadador que non houbera rematado neste tempo será recollido polas embarcacións da organización; se se nega a saír do mar será descualificado, sendo él o único responsable da súa seguridade.
- ✓ É obrigatorio que cada nadador leve una boia de situación perante a travesía por motivos de seguridade.

- ✓ É estritamente obrigatorio o uso de Neopreno. Aquel que na saída non teña posto o neopreno será desclasificado automaticamente quedando a todos os efectos fora da Travesía.

3) INSCRICIÓN.

- o As inscricións faranse na web cconorte cun custo de 20 € para os participantes no tramo de 1500m e de 30 € para o resto (saídas de Acoradouro e Mourisca). As prazas están limitadas a 200 participantes.
- o A data límite de inscrición será o xoves 10 de xullo.
- o A idade mínima para poder participar será de 16 anos cumpridos o día da proba, os nadadores menores de 18 anos deberán presentar o día da travesía un documento de consentimento asinado polo seu pai/nai ou tutor.
- o Non se admitirán inscricións por outro medio ou fora de prazo
- o **Considérase integrantes do GRUPO LENTO os nadadores/as que empreguen máis de 20' para percorrer 1.000 (máis de 2' en 100m) e integrantes do GRUPO RÁPIDO os nadadores/as que baixen de 20' nun percorrido de 1.000 m (menos de 2' en 100m). Unha vez inscrito o nadador non poderá cambiar de tramo.**


4) ENTREGA DE GORROS E CHIPS

- o Os nadador@s participantes concentraranse as 08:00 da mañá no Centro Social do Mar de Bueu, para recoller a bolsa con; **agasallo, gorro e chip**. Deberan traer a documentación(DNI....) para poder recollelos.
- o O Concello de Bueu porá a disposición de tod@s participantes as instalacións do Club do Mar de Bueu de Remo, para todo o relacionado co aseo, duchas, vestiarios; aquí mesmo darase bebidas e comida, aos nadadores que remataron

a travesía.

- o Tamén será responsabilidade do Concello de Bueu o traslado d@s participantes en medio de transporte aos distintos puntos de saída na praia de Acoradouro e Mourisca.
- o Poderán existir controis de tempo ó longo do percorrido. Só aparecerán na clasificación aqueles participantes que realicen a travesía co dorsal e o chip que facilita a organización e rexistren o seu paso por todos os controis establecidos.
- o A clasificación xeral oficial publicárase nas web do clube e na web da empresa de cronometraxe.

5) PERCORRIDO



As saídas serán dende “Acoradouro” “Mourisca” e “Praia de Beluso”

Travesías alternativas.

No caso de ter malas condicións do mar no entorno de Cabo Udra, as alternativas son as seguintes.

Alternativa 0: Saída única dende Mourisca para participantes de longo percorrido Alternativa A 7 km. Con saída de Pescadoira, paso polas praias de Loureiro, Agrelo, Portomaior, Lapamán, dando a volta na illa do Santo, regresando a altura das bateas ata Pescadoira.

Alternativa B saíndo da praia de Lapamán con chegada a Pescadoira 4kms tal e como se indica no mapa.

A saída da Praia de Beluso non se cambia.

Alternativa A: 7kms liña vermella

Alternativa B: 4kms liña azul



6) ENTREGA DE PREMIOS.

A entrega de trofeos terá lugar, unha vez rematada a travesía na Praia de Pescadoira. Se entregarán trofeos os tres primeiros clasificados nos tres tramos da travesía, (7000, 4000 e 1500mts respectivamente) tanto en categoría feminina como masculina.

7) AVITUALLAMENTO

Os/as nadadores/ras terán a posibilidade de recibir, sempre que o desexen, un avituallamento durante a realización da travesía (auga e sólido).

Ademais da lancha nodriza provista de todo o necesario para cubrir as necesidades d@s participantes, ao remate da travesía e na carpa destinada para tal fin, se lles ofrecera aos nadadores e nadadoras alimentos e bebidas para repoñerse do esforzo realizado.

8) SEGUROS:

- Todos os participantes e embarcacións de apoio estarán amparados por unha póliza de seguro de accidentes e responsabilidade civil, polo que é necesario que no momento da inscrición figure con claridade e exactitude o Nome e Apelidos de cada participante.. Estarán excluídos os derivados dun padecemento latente, imprudencia, neglixencia, inobservancia de las leis, etc. Tamén quedarán excluídos os producidos polos desprazamentos particulares hacia/ dende o lugar no que se desenvolve a proba.

INSCRICIÓN NADADORES
XIII TRAVESÍA A NADO CONCELLO DE BUEU 2024

UDRA- PESCADOIRA

DATOS DO/A NADADOR/A

Nome	Apelidos	Distancia	Tempo aprox.	Email	Talla camiset a
------	----------	-----------	-----------------	-------	-----------------------

ENDEREZO: _____

_____ POBOACIÓN: _____

CODIGO POSTAL: _____ TELÉFONO: _____

D.NI./PASAPORTE _____ DATA DE NACEMENTO: _____

_____ SEXO: __ NACIONALIDADE: _____

SE ESTÁS FEDERADO, NOME DO CLUB A QUE PERTENCES _____

-
- EN CASO DE ACCIDENTE AVISAR. O TELEFONO.....

TEMPO APROXIMADO EN NADAR A DISTANCIA: _____

ENFERMIDADE: _____

ALÉRXICO A MEDICAMENTOS: _____

DECLARACIÓN DO NADADOR:

Pola presente manifesto saber nadar perfectamente, non padecendo ningún impedimento físico, nin enfermidade que me impida participar nesta proba de natación. Coñezo perfectamente o Regulamento desta Travesía a Nado.

Así mesmo, eximo de calquera responsabilidade ós Organizadores e Técnicos da proba, por calquera dano físico, moral ou material que me poidera ocorrer antes, durante o despois da Travesía, así como nos adestramentos ou quencementos, se os houbera(o nadador estará asegurado polo seguro de responsabilidade civil a cargo do concello de Bueu.).

Ademais autorizo o concello de Bueu e o a difundir a totalidade das imaxes recollidas na travesía e actos paralelos en calquera medio de difusión e comunicación sen límite territorial. En calquera caso este uso non terá fins comerciais.É estritamente obrigatorio o uso de neopreno

A organización, resérvase o dereito de admitir ou non o/a nadador/a.

No momento da confirmación da inscrición on-line o nadador acepta a declaración arriba redactada.